

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/02/2019 12:24:55

SAIDA 1934/19

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 0135/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED], mediante escrito do 16 de novembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 16 de novembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 14 de novembro de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se lle inadmite a súa solicitude de acceso á información solicitada, referente á relación dos membro do Corpo da Asesoría da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e en especial, todos os que teñan concedida calquera tipo de compatibilidade, informe de cada compatibilidade de Letrados da referida Asesoría actualmente en vigor, coa data na que se concedeu e actividades que se autorizan, e memorias, datos, auditorías e certificacións e expedientes públicos nos que participe a Xefa do Servizo Técnico Xurídico da referida Consellería desde os anos 2009 ata a data da solicitude ou calquera outro que se poida relacionar coas actividades do INNIBIC, USC, UDC, CECOOP, e os relacionados cos Sres. [REDACTED] desde esa Consellería.

O reclamante no seu escrito de recurso, considera que se lle denega o acceso á información por que a súa recompilación require un gran esforzo e que esa denegación vulnera, censura e outorga impiedade no que considera un abuso da transparencia. Así mesmo, considera gravísimo e inadmisíbel que se oculten os datos e información pública e que non se lle dera trámite de audiencia e que se inadmita a súa solicitude tachándoa de abusiva.

Segundo. Con data 20 de novembro de 2018, déuselle traslado da documentación presentada polo reclamante á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que,

en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 23 de novembro de 2018.

Terceiro. Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 2 de xaneiro de 2019, a Secretaría Xeral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, remite informe, no que en síntese manifesta o seguinte:

Con carácter previo a análise da información solicitada, é necesario realizar unhas aclaracións respecto ás afirmacións do recorrente, no que insiste en que a Xefa do Servizo Técnico Xurídico da Consellería, está suxeita á transparencia pública. A resolución impugnada non cuestiona en ningún momento que a citada funcionaria participe na tramitación de documentos que poidan ter a consideración de información pública, senón que se limita a indicar que non ten a condición de alto cargo, polo que non lle son aplicables as obrigas que a normativa en materia de transparencia impón aos altos cargos.

Por outra banda, manifesta o informe que a referida normativa non esixe a celebración dun trámite de audiencia previo á inadmisión das solicitudes, e que a solicitude de recusación á que fai referencia o reclamante non ten relación coa resolución recorrida, dado que corresponde a outro procedemento.

Con respecto á solicitude de acceso á información pública que serve de base a este recurso, infórmase que no referente á información sobre o corpo de letrados da Consellería, o recorrente xa conta coa información solicitada, que el mesmo achega coa súa solicitude, que lle foi concedida pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Respecto do acceso as memorias, datos, auditorías e certificacións e expedientes públicos nos que participe a Xefa Servicio Técnico Xurídico desde os anos 2009 ata a data da solicitude, ou calquera outro que se poida relacionar coas actividades do INNIBIC, USC, UDC, CECOOP, y e os relacionados cos Sres. [REDACTED] desde esa Consellería", reitérase o argumento sostido na resolución impugnada que o cualificou como abusivo.

O recorrente manifesta no seu escrito de recurso unha serie de graves acusacións contra a Consellería sen achegar ningunha base que as fundamente. A inadmisión non se basea en razóns perezosas ou non estar disposto a asumir o esforzo que implicaría atender á solicitude como afirma o recorrente, senón de cumprir coa obriga de prestar un servizo público, que non se pode ver entorpecido nin paralizado por atender a peticións claramente abusivas.

A busca e sistematización desta información requiriría un traballo desproporcionado tendo en conta que na maior parte dos expedientes tramitados pola Xefa do Servizo Técnico Xurídico figuran datos persoais e terceiros interesados, moitos deles menores de idade ou con datos de saúde e datos que teñen a consideración de datos de categoría especial conforme á vixente normativa de protección de datos, o que obrigaría a tramitar unha comunicación a todas estas persoas e a apertura dun prazo de alegacións por cada unha delas, o que de facto suporía

unha paralización da tramitación ordinaria dos correspondentes expedientes administrativos e polo tanto, do normal funcionamento do órgano administrativo.

Porén, debe concluírse que a solicitude do recorrente apártase da finalidade perseguida pola normativa en materia de transparencia dende o momento en que personaliza a súa demanda de información no traballo dunha funcionaria pública que non ten a categoría de responsable público de institución pública algunha.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do

mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a notificación da resolución da solicitude de acceso á información foi o 14 de novembro de 2018, e a reclamación presentouse con data do 16 do mesmo mes, debe admitirse por estar en prazo.

inconcreción, supoñendo a súa recompilación conforme á normativa de transparencia, a alteración ou paralización do normal funcionamento do órgano administrativo polos motivos expostos no informe remitido.

Isto é así porque, como xustifica a Consellería na súa resolución, a busca e sistematización desta información requiriría un traballo desproporcionado, tendo en conta que na maior parte dos expedientes tramitados pola referida funcionaria, figuran datos persoais e terceiros interesados (gran parte deles referidos a menores de idade e en algúns casos, datos referidos á saúde), o que obrigaría a tramitar unha comunicación a todas estas persoas e a apertura dun prazo de alegacións por cada unha delas, o que de facto suporía unha paralización da tramitación ordinaria dos correspondentes expedientes administrativos e polo tanto, do normal funcionamento do órgano administrativo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia



ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] contra a resolución da Secretaria Xeral Técnica do 14 de novembro de 2018, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información pública referida a persoal da Asesoría Xurídica (sen prexuízo de que debe remitírselle a información actualizada no caso de que tivera producido algunha modificación) e da Xefa do Servizo Técnico Xurídico e os expedientes tramitados por ela.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia


Milagros Otero Parga


Comisión da
transparencia
de Galicia